



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
MATERIA: MATEMÁTICAS	NIVEL:1º	MESTRA/E RESPONSABLE:TITORES DE PRIMEIRO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas..	CMCT, CAA	50%
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.	CMCT, CCL	50%
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.	CMCT CMCT, CCL, CAA	50%
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.	CMCT	50%
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de	CMCT, CAA, CSIEE	50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.		
B4.3. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT, CAA, CSIEE	50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles					
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA		NIVEL: 1º		MESTRA/E RESPONSABLE: TITORES DE PRIMEIRO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)		
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes	CNB1.1.1 Busca e selecciona a información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CAA, CCL, CMCCT, CSIEE, CCEC, CD	50%		
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade	CNB2.1.1 Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade	CMCCT, CSC	50%		
B2.1 Identificar semellanzas entre as persoas valorando a diversidade	CNB2.1.2 Recoñece partes do propio corpo.	CMCCT, CSC	50%		
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos. A hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario	CNB2.2 Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCT, CSC	50%		
B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1 Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de	CMCCT, CSIEE	50%		



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

	merendas na escola.		
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	**CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais e os describe empregando diferentes soportes	CMCCT, CCL	50%
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais	**CNB3.1.3. Avisa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCCT	50%
B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola	CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola	CMCCT, CSC	50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS	NIVEL: 1º PRIMARIA	MESTRA/E RESPONSABLE: Mestres 1º Primaria	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	**CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.	CMCCT, CCL, CAA	50%
B2.3 Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	**CSB2.3.1 Explica de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	CMCCT, CSC, CCL	50%
B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixita.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CMCCT, CD, CCL	50%
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe	CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CSC, CMCCT	50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

máis próxima.			
B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias .	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	CMCCT, CSC, CAA	50%
B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	CMCCT, CSC, CCL	50%
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. Identifica tipos de vivenda.	CMCCT, CAA	50%
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade,vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	CCL, CMCCT	50%
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1 Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT, CAA	50%
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que	CSB3.7.A Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar		50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

deberá recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	pola rúa correctamente, cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	CSC, CAA	
B3.8. Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.8.1. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC, CSC, CCL	50%
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumentos.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, os nomea e diferencia das estacións, segundo as súas características.	CMCCT, CCL	50%

***** Os estándares de aprendizaxe marcados con asterisco vermello non se traballaron en 1ºC.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
MATERIA: LINGUA GALEGA		NIVEL: 1º de Primaria	
		MESTRA/E RESPONSABLE: TITORES DE PRIMEIRO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL	50%
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	CCL, CAA	50%
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL, CAA, CSIEE	50%
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas conforman cada palabra.	CCL, CAA	50%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	CCL, CAA, CCEC	50%
---	--	----------------	-----

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

MATERIA: LINGUA CASTELÁ		NIVEL: 1º de Primaria		MESTRA/E RESPONSABLE: TITORES DE PRIMEIRO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)		
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL	50%		
B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL, CAA	50%		
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL	50%		
B5.1. Apreciar o valor dos textos	LCB5.1.1. Identifica sinxelos		50%		



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...	CCL, CCEC	
B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Recria de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL, CAA, CCEC	50%



2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Os procedementos que nestes momento podemos empregar para a avaliación son a análise das producións dos alumnos/as procedentes das achegas derivadas dos intercambios telemáticos co noso alumnado como por exemplo correos electrónicos, videoconferencias, fotos, videos, audios... debido a que nestes momentos non podemos levar a cabo os procedementos habituais de avaliación como son a observación directa das actividades realizadas, os rexistros de conduta, nin o anecdotario nin os traballos realizados na clase.

Instrumentos:

Como explicamos no apartado de procedementos de avaliación, nestes momentos levamos a cabo os rexistros das tarefas enviadas (de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación) ao noso alumnado a través das diferentes vías telemáticas que empregamos na actualidade posto que o non ser actividades presenciais pouco máis podemos facer nestes momentos nos que estamos levando a cabo unha ensinanza dixital.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Para a cualificación final, tendo en conta as cualificacións do primeiro e segundo trimestre e segundo o desenvolvemento das actividades propostas durante este terceiro trimestre (de reforzo, de recuperación, de repaso e ampliación) farase unha avaliación global e continua onde se reflexen as aprendizaxes e competencias desenvolvidas polo alumnado durante este curso con condicións excepcionais.</p>
----------------------------	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se propoñen estarán encamiñadas a repasar e tamén reforzar as aprendizaxes e competencias traballadas durante os dous primeiros trimestres, e tamén a ampliación das que son consideradas imprescindibles para o noso alumnado si se considera preciso.</p> <p>Tamén se farán actividades de recuperación das áreas suspensas polo alumnado de ser o caso.</p> <p>As actividades que se propoñen neste terceiro trimestre van encamiñadas en todo momento a establecer unha rutina diaria de traballo, intentando non sobrecargar ás familias, tendo en conta as situacións particulares de cada unha delas, así como tamén o curso e a etapa educativa do noso alumnado.</p> <p>Intentamos tamén facilitar o tránsito da ensinanza presencial á virtual facilitando diferentes ferramentas de traballo e plataformas dixitais.</p>
--------------------	---



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>_A metodoloxía que estamos empregando vai encamiñada á procura da motivación do noso alumnado cara as aprendizaxes que pretendemos realizar, ao igual que vimos facendo no ensino presencial, e máis aínda, nestes tempos onde estamos a vivir unha situación excepcional.</p> <p>Procuramos que tanto familias como alumnado tiveran diferentes alternativas de comunicación cos titores e cos mestres especialistas, adaptadas en cada caso ás súas posibilidades.</p> <p>As principais ferramentas de comunicación co alumnado son: a páxina web do centro, a plataforma Agueiro, a plataforma Abalar e tamén os correos electrónicos coas familias así como algunha videoconferencia; a través das cales estamos mantendo unha estrutura de traballo fixa e constante que facilite un pouco a autonomía do alumnado no traballo diario.</p> <p>Procuramos ter un contacto permanente coas familias e co alumnado para atender calquera dúbida que poida xurdir dende o ámbito familiar.</p> <p>En canto ás tarefas que se envían, decir que teremos en conta a flexibilidade dos tempos respetando a situación particular de cada familia así como tamén os períodos de descanso establecidos.</p> <p>No caso do alumnado con necesidades educativas temos establecida unha coordinación cos membros do Departamento de Orientación, adaptando as actividades propostas ás necesidades particulares de cada alumno/a.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os materiais e recursos que estamos empregando son os seguintes:

_ para as actividades e tarefas que propoñemos para o alumnado empregamos os libros de texto , tanto impresos como dixitais, actividades interactivas, xogos online, videos de youtube, contos dixitais, fotos, videos...

_ como recursos empregados para comunicarnos co alumnado estamos empregando todos os recursos telemáticos que temos o noso alcance como son: os correos electrónicos, plataformas virtuais, servicio de mensaxería Abalar, videoconferencias, fotos, videos, audios...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.

Para trasladar a información que se recolle neste documento ao alumnado e as súas familias empregaremos a páxina web do centro, a plataforma Abalar e os correos electrónicos.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/